MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

INTRODUCCIÓN

No Diario Oficial de Galicia (DOG) número 201, do 22 de outubro de 2012, publicouse o Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, que foi modificado, primeiro polo Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda (publicado no DOG número 64, do 31 de marzo de 2017), co obxecto de redistribuír e concretar funcións na súa estrutura para reforzar e garantir un idóneo desenvolvemento e execución das actuacións que lle son propias, e posteriormente, pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOD núm. 248, do 30 de decembro de 2022), co obxecto de adecuar a estrutura organizativa da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) á asunción paulatina das funcións de recadación executiva e a asunción da aplicación dun novo imposto estatal cedido.

Esas modificacións estruturais levaron asociada a correspondente modificación da súa relación de postos de traballo (RPT), publicada por Resolución do 9 de xuño de 2017 (DOG do 20 de xuño de 2017), e modificada polas resolucións do 30 de novembro de 2017 (DOG do 13 de decembro 2017), do 31 de xullo de 2020 (DOG do 11 de agosto de 2020), do 26 de marzo de 2021 (DOG do 7 de abril de 2021), do 3 de marzo de 2023 (DOG do 9 de marzo de 2023), do 7 de xullo de 2023 (DOG do 20 de xullo de 2023), e do 24 de xullo de 2024 (DOG do 25 de xuño de 2024). Estas tres últimas modificacións responden á necesidade de dotar adecuadamente os cadros de persoal para a asunción das funcións de recadación executiva, a de marzo de 2003 na provincia de Ourense, a de xullo de 2023 nas provincias de Lugo e A Coruña e de xullo de 2024 no ámbito territorial da delegación da Atriga en Vigo.

Xorde novamente a necesidade de modificar a RPT para completar a modificación da

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

estrutura recadatoria da Atriga, completando así as modificacións necesarias para a asunción completa das funcións recadatorias en vía executiva no ámbito que queda, que é o ámbito territorial da delegación da Atriga en Pontevedra. Ao mesmo tempo acométense unhas modificacións menores na RPT para adaptala a exixencias de adecuación á normativa vixente e que se detallan máis adiante.

As modificacións propostas toman como referencia o disposto nos seguintes artigos:

- O artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo o que "*a través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos*".
- O artigo 69 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que especifica que "*a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade*".

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT.

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as modificacións que se propoñen, e de forma particular para cada un dos centros directivos da Atriga, desglosadas segundo o tipo de proposta, entre as que se distinguen: as modificacións, creacións e supresións de postos.

1.- Creación de prazas na Delegación da Atriga en Pontevedra. Modificación xerada como consecuencia dos artigos 59 e 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2022)

Na Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en materia de xestión recadatoria, establécese a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Atriga desempeñadas ata o momento da súa entrada en vigor, polas Zonas de Recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997. Esa asunción producirase a medida que as persoas titulares das zonas cumpran 70 anos ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa e, en todo, caso a partir do 1 de xaneiro de 2026. Esta medida provocará maior eficiencia nas funcións de recadación das débedas en período executivo, xa que diminuirán os actuais custos de xestión e aumentarán os ingresos tributarios provocado polas sinerxías da xestión centralizada dos expedientes, tales como a aplicación de modernas técnicas informáticas e de intelixencia artificial, o uso de programas informáticos centralizados que realizan tarefas de forma automatizada e o acceso global á información tributaria.

Así, o artigo 60.1 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que esta axencia "*asumirá progresivamente as funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas, no momento da entrada en vigor deste artigo, polas zonas de recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997*".

O punto 2 do antedito artigo dispón que as zonas de recadación establecidas ao amparo

do artigo 46.3 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, "*quedarán suprimidas o 1 de xaneiro de 2026, ou no momento anterior á indicada data no caso en que o recadador á fronte dalgunha das devanditas zonas cese no cargo por cumprimento dos 70 anos de idade, de acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona, ou por calquera do resto das causas establecidas nese artigo. No momento da supresión da correspondente zona as súas funcións serán asumidas pola Atriga*".

Pola súa parte, o punto 5 do artigo precitado, establece que a Atriga "*asumirá cos seus propios medios, mediante persoal funcionario, as funcións de recadación desempeñadas polas zonas de recadación, de acordo co establecido nesta disposición*".

As zonas de recadación teñen encomendada a recadación executiva das débedas correspondentes aos contribuíntes con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o que implica a notificación das providencias de constrinximento, ditado e notificación de dilixencias de embargo e trabas.

Debemos insistir no feito de que a supresión das Zonas de Recadación supón que a Atriga exerza as competencias; de xeito particular, os departamentos de Recadación das delegacións, responsables da tramitación das competencias relativas á recadación voluntaria, a sinatura das providencias de constrinximento dos seus debedores, a resolución dos recursos de reposición, aprazamentos e fraccionamentos, aplicación de ingresos tributarios, etc. Os citados departamentos, polo tanto, verán incrementadas as súas funcións, pasando tamén a levar a cabo todas as actuacións materiais relativas á recadación executiva, razón pola que se fai necesaria a creación dunha unidade dependente dos devanditos departamentos de Recadación, que asumirá ditas actuacións.

Por conseguinte, asumir e exercer as funcións de recadación executiva por parte da Atriga supón a necesidade de acometer modificacións nos cadros de persoal para poder distribuír axeitadamente as cargas de traballo e aplicar con eficacia e eficiencia as novas actuacións.

A Zona de Recadación de Ourense quedou suprimida o 23 de marzo de 2023, as Zonas de

A Coruña e Lugo o 10 de setembro de 2023 e a Zona de Recadación de Vigo o día 6 de setembro de 2024, datas nas que se produciu o cese do seu respectivo recadador por cumprir os 70 anos. En consecuencia, a Atriga veuse na obriga de levar a cabo as modificacións oportunas da RPT ao amparo da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sendo publicadas mediante Resolución do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9 de marzo), Resolución do 7 de xullo de 2023 (DOG núm. 138, do 20 de xullo) e Resolución do 24 de xullo de 2024 (DOG do 25 de xuño de 2024). Estas modificacións consistiron na creación de postos nos servizos centrais e nas Delegacións afectadas para dar cobertura á asunción das novas funcións de recadación de débedas en período executivo e as actuacións derivadas destas.

Como xa se sinalara na documentación xustificativa achegada nas modificacións anteriores, para a asunción das funcións na medida en que se supriman outras zonas de recadación cumpriría levar a cabo progresivamente novas modificacións na RPT que afectarían ás restantes delegacións da Atriga, e que se traducirían na dotación dos postos necesarios estimados en función da área xeográfica sobre a que repercuten e, por conseguinte, en función do número de contribuíntes afectados.

Na actualidade, cómpre acometer a derradeira modificación que afecta aos postos de traballo da delegación da Atriga en Pontevedra, xa que a devandita Lei 7/2022 establecía como data límite para completar a asunción das zonas o 1 de xaneiro de 2026.

Para isto, terase en conta que cada Zona de Recadación está composta por un recadador e por persoal colaborador, no caso concreto da Zona de Pontevedra, conforman un total 4,25 efectivos xa que comparten unha persoa para as tarefas informáticas con outras tres zonas máis.

Pola súa parte, a Delegación da Atriga en Pontevedra conta con catro efectivos no Departamento de Recadación (2 técnicos -1 xefatura de Departamento, 1 xefatura de Equipo e 2 efectivos de corpos xerais).

Para desempeñar as novas funcións, proponse a dotación da Delegación de Pontevedra con tres (3) efectivos, dous (2) para o Departamento de Recadación e un (1) deles para reforzar as tarefas de notificacións e, polo tanto, dependente da persoa a cargo da

Delegación.

O número de efectivos que se propón ven determinado polo volume da débeda cargada e de actuacións realizadas pola Zona de Recadación de Pontevedra, mantendo o criterio de reparto en función do domicilio fiscal do contribuínte. Lémbrese a relevancia de tomar en consideración a área xeográfica sobre a que repercute e, por conseguinte, o número de contribuíntes afectados.

Así, a media de providencias de constrinximento cargadas nos últimos cinco anos á Zona de Pontevedra foi de 8.519, que xeraron 4.611 dilixencias de embargo e 13.899 notificacións.

Polo exposto, proponse a creación dunha (1) Xefatura de Equipo, de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas, e dúas (2) xefaturas de Negociado Administrativo, de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrados na área funcional tributaria, coas características que se describen a continuación:

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**ÁREA FUNCIONAL**	**LIÑA**
FCA291000036001007	Xefatura Negociado Administrativo I	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659
FCA291000036001165	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FCA291000036001172	Xefatura Negociado Administrativo III	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

Nota explicativa: os códigos empregados nos cadros teñen a seguinte descrición:
Código *Descrición do Corpo/Escala*
XSL *Xeral. Escala letrados.*
XSF1 *Xeral. Esc. Superior Finanzas.*
XMF1 *Xeral. Esc. Técnica Finanzas*

Debemos concluír este apartado, manifestando que a asunción das funcións de recadación executiva pola Atriga suporá un importante impacto económico na administración galega, por unha banda, diminuiranse os actuais custos de xestión, pero por outra, incrementarase a eficacia na xestión recadatoria.

2.- Reenumeración de postos na Delegación da Atriga en Pontevedra

Como consecuencia da creación dos postos que se detallan no apartado anterior e co fin de seguir a orde na codificación de postos da RPT, procede a reenumeración dos seguintes postos:

- O posto FC.A29.10.000.36001.007 denominado *Unidade de Apoio Administrativo* muda o seu código ao FC.A29.10.000.36001.009
- O posto FC.A29.10.000.36001.008 denominado *Unidade de Apoio Administrativo* muda o seu código ao FC.A29.10.000.36001.010

Esta modificación non afectará á ocupación actual dos postos nin ás súas características, nin tampouco supón custe algún.

3.- Modificación do tipo de adscrición da categoría/corpo

Mediante o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda modificouse o Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproban os seus estatutos. O obxecto desta modificación era redistribuír e concretar funcións na súa estrutura para reforzar e garantir un idóneo desenvolvemento e execución das actuacións que lle son propias a Atriga e, entre as modificacións introducidas, destaca a referida á creación da Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais, con funcións de organización e supervisión do desenvolvemento e implementación dos sistemas de análise da información, supervisión e control do funcionamento da Atriga así como de calquera outra organización que preste os servizos propios da Atriga, entre outras e á que ademais do Departamento de Auditoría e Calidade, se lle adscriben os departamentos de Recursos Humanos e Réxime Interior, e o de Xestión Económico-Financeira, Orzamentaria e Contable.

A Resolución do 9 de xuño de 2017 que modifica a RPT como consecuencia das modificacións introducidas polo Decreto 30/2017, crea o código de posto

FC.A20.00.005.15770.001 denominado Xefatura de Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais, co adscrición á Escala Superior de Finanzas.

Posteriormente, procedeuse, mediante Resolución do 7 de xullo de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de xullo de 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG Núm. 138, do 20 de xullo), á súa apertura tamén ao corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Área desempeña as funcións de execución económica e orzamentaria, do control e coordinación dos asuntos relativos ao persoal adscrito á Atriga e, de maneira preponderante, as funcións de organización e supervisión do desenvolvemento e implementación dos sistemas de análise da información e a supervisión e auditoría de toda a actividade tributaria da Atriga.

A relevancia destas funcións, mediante, entre outras, a inspección das actuacións das unidades centrais, das delegacións e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia con incidencia na aplicación do tributos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación co centro informático competente, para o desenvolvemento e implementación dos sistemas de análise da información, implican unha especial dificultade técnica e exixen un coñecemento moi elevado e específico dos sistemas tributarios e dos procedementos contemplados na Lei Xeral Tributaria e nos seus regulamentos de desenvolvemento que require dun alto nivel de formación, coñecemento e capacitación en materia tributaria, que é propio da escala de finanzas.

O desenvolvemento de ditas funcións determinan que non é oportuno nin eficaz a apertura deste posto a corpos Xerais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, razón pola que se propón o peche deste posto ao persoal da Escala Superior de Finanzas, volvendo á situación inicialmente configurada.

En definitiva, as características deste posto esixen un nivel de especialización en materia tributaria e fiscal que implican que a súa configuración sexa exclusiva no marco da escala superior de finanzas.

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE COORDINACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS XERAIS							
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000515770001	Xef. Área Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais	A1	30	LD	XMF1	AXG	389

Esta medida adóptase logo de sopesar que redundará en beneficio da calidade na prestación do servizo público.

Esta modificación non afectará á ocupación actual do posto, nin tampouco supón custe algún.

4.- Modificación do contido no apartado de Observacións da RPT

Con data do 07/09/2024 o persoal laboral que estaba a desempeñar o posto de código FC.A29.10.000.27001.029, denominado *Auxiliar Administrativo/a*, causa baixa por xubilación. No apartado de Observacións da RPT figura a observación "ocupado laboral fixo".

Como consecuencia da antedita xubilación, procede a eliminación da observación referida.

Esta modificación non afectará á ocupación actual dos postos, nin tampouco supón custe algún.

5.- Complemento específico. Modificación xerada como consecuencia da disposición adicional décimo quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2024)

A disposición adicional décimo quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 establece:

Un. Atendendo a razóns de homologación retributiva, e tendo en conta as condicións particulares dos postos de traballo derivadas da súa especial dificultade técnica, dedicación e responsabilidade, os complementos específicos dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, equipáranse economicamente aos complementos específicos dos postos de letrada e letrado de nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia. Os complementos específicos dos postos de traballo da escala de letradas e letrados da Xunta de Galicia de nivel 28 experimentarán unha adecuación retributiva que garanta que as retribucións totais experimentarán unha variación igual en termos porcentuais á experimentada nas retribucións totais dos postos de nivel 30 da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia.

Dous. Atendendo ás razóns expostas no punto un anterior, os complementos específicos dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino que desempeñen funcións encomendadas á escala superior de finanzas da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no cadro correspondente do punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, equipáranse economicamente aos complementos específicos dos postos de auditor e de auditora de nivel 30 de complemento de destino e 28 de complemento específico previstos na relación de postos de traballo do Consello de Contas de Galicia. Os complementos específicos dos postos de traballo das escalas superior e técnica de finanzas de nivel 28 que desempeñen as funcións indicadas nos cadros correspondentes dos puntos 1 e 2 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, adecuaranse aplicando a porcentaxe de variación indicada para o complemento específico do nivel 30 ponderada pola proporción existente entre os específicos do nivel 28 e do nivel 30 recollidos no Anexo de persoal.

Tres. O establecido nos puntos un e dous aplicarase con efectos económicos desde o 1 de xaneiro do ano 2025, e entenderase sen prexuízo da correspondente adaptación das correspondentes relacións de postos de traballo, que se deberá producir necesariamente

no momento da primeira modificación que se efectúe delas, unha vez que entre en vigor esta lei.

Os postos da Atriga afectados por esta disposición son os que se relacionan:

CENTRO DE DESTINO: AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPLE SPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000015770075	ASESOR/A XURÍDICO/A	A1	30	30.193,94	LD	XSL	AXG	3362

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000115770001	XEFATURA ÁREA INSPECCIÓN TRIBUTARIA	A1	30	31.277,82	LD	XMF1	AXG	389
FCA200000115770005	INSPECTOR/A-XEFE/A ADXUNTO/A	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000115770008	INSPECTOR/A-XEFE/A ADXUNTO/A	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000115770011	INSPECTOR/A-XEFE/A ADXUNTO/A	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000115770014	XEFATURA DEPART. PLANIFICACIÓN CONTROL TRIBUTARIO	A1A2	28	22.654,24	LD	XMF1/ XSF1	AXG	390

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE XESTIÓN TRIBUTARIA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000215770001	XEFATURA ÁREA XESTIÓN TRIBUTARIA	A1	30	31.277,82	LD	XMF1	AXG	389
FCA200000215770005	XEFATURA DEPART. TRIBUTOS XESTIÓN CENTRALIZADA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000215770035	XEFATURA DEPARTAMENTO CENTRAL XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE COLABORACIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E ASISTENCIA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000315770001	XEFATURA ÁREA COLABOR. SOCIAL, INF. E ASISTENCIA	A1	30	31.277,82	LD	XMF1	AXG	389
FCA200000315770005	XEFATURA DEPART. CENTRAL ESTUDOS,INF. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000315770030	XEFATURA DEPART. COLABORACIÓN SOCIAL E ADMTVA.	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE RECADACIÓN								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000415770001	XEFATURA ÁREA RECADACIÓN	A1	30	31.277,82	LD	XMF1	AXG	389
FCA200000415770005	XEFATURA DEPART. CENTRAL DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390
FCA200000415770030	XEFATURA DEPARTAMENTO DE RECADACION EXECUTIVA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390

CENTRO DE DESTINO: ÁREA DE COORDINACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS XERAIS								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA200000515770001	XEF. ÁREA COORDINACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E ASUNTOS XERAIS	A1	30	31.277,82	LD	XMF1	AXG	389
FCA200000515770005	XEFATURA DEPARTAMENTO AUDITORÍA E CALIDADE	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	390

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DA CORUÑA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA291000015001001	DELEGADO/A	A1A2	28	26.040,84	LD	XMF1/ XSF1	AXG	4680
FCA291000015001100	XEFATURA DEPART. XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000015001140	XEFATURA DEPART. INFORM. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000015001200	XEFATURA DEPART. DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE LUGO								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA291000027001001	DELEGADO/A	A1A2	28	26.040,84	LD	XMF1/ XSF1	AXG	4680
FCA291000027001070	XEFATURA DEPART. XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000027001090	XEFATURA DEPART. INFORM. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000027001140	XEFATURA DEPART. DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE OURENSE								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA291000032001001	DELEGADO/A	A1A2	28	26.040,84	LD	XMF1/ XSF1	AXG	4680
FCA291000032001085	XEFATURA DEPART. XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000032001115	XEFATURA DEPART. INFORM. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000032001160	XEFATURA DEPART. DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA291000036001001	DELEGADO/A	A1A2	28	26.040,84	LD	XMF1/ XSF1	AXG	4680
FCA291000036001080	XEFATURA DEPART. XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000036001105	XEFATURA DEPART. INFORM. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000036001160	XEFATURA DEPART. DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE VIGO								
CÓDIGO DE POSTO	**DENOMINACIÓN**	**GR.**	**NIV.**	**COMPL ESPEC.**	**F. PRO**	**CAT./ CORPO**	**ADS. ADMIN**	**LIÑA**
FCA291000036560001	DELEGADO/A	A1A2	28	26.040,84	LD	XMF1/ XSF1	AXG	4680
FCA291000036560170	XEFATURA DEPART. XESTIÓN TRIBUTARIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000036560200	XEFATURA DEPART. INFORM. E ASISTENCIA	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347
FCA291000036560255	XEFATURA DEPART. DE RECADACIÓN	A1A2	28	22.654,24	CE	XMF1/ XSF1	AXG	347

Esta modificación non afectará á ocupación actual dos postos, nin tampouco supón incremento de custe algún, ao limitarse ao recoller o disposto na citada lei, estando xa recollidos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia o custe total derivado destes postos.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora